

Trascripción literal dos textos contidos nos paneis.

## 1 HISTORIOGRAFIA

Esta vivenda foi concebida nos anos 50 do século XX por un **MESTRE DE OBRAS** de orixe portuguesa, **D. Belchior Alves, natural de Viana do Castelo**, home emprendedor e ilustrado que a viu, según o encargo recibido, coma **vivenda unifamiliar para unha nai solteira** que se independizou da familia.

Polo tanto a súa distribución é sinxela e breve, por non te-lo habitual das casas gandeiras. Moi contaminada polos aires cultos da época, presenta unha curiosa mestura entre a **casa indiana** e a **casa racionalista**, estilos en boga no momento.

Por riba, e para mais mestura, o sistema constructivo é típicamente popular e tradicional, con pequenas intervencións do formigón armado nos dinteis de dúas ventás. Todo o demais é tomado da bisbarra:

Madeiras estruturais en castiñeiro das fragas pendentes de As Oiras, no Alfoz, para tomarlle-la forma as tesoiras de cuberta.

Madeiras de pisar en eucalipto, xa moi asentado na bisbarra por entónces.

Pedra nos muros de carga, de granito metamórfico da bisbarra.

Tabiquerías en entramado de madeira e cal.

Carpinterías en madeira de castiñeiro, simples e corredeiras.

A casa foi axeitada ata o século XXI cando as instalacións se volveron vellas e obsoletas, sendo o estado xeral da vivenda bó, salvo algún puntal que figuraba ser carcomido pola polilla.

**A iniciativa da filla da promotora inicial, propúxose renova-la, axeitándoa ó confort actual, e adecuando as instalación á normativa, pero sin corrompe-lo xeito inicial.**

É por isto que a obra plantéxase non como unha re-habilitación nin como re-construción, senón como habilitación e construción, no xeito de non enmendar senón plantexar o contemporaneamente correcto, sen nostalxias nin falsificacións.

## 2 DESCRIPTIVA DAS OBRAS DE HABILITACIÓN E TEMPORALIZACIÓN DE USOS EN EDIFICACIÓN EXISTENTE

Construcción vs reconstrucción. Raíz vs prefixo.

Ante o risco que toda re-construcción ténde re-interpretar e re-definir os supostos orixinais, e polo tanto, de falsificalos, proporciona á Constructio maior valor moral intrínseco.

**Construcción** no baleiro interior dunha casa existente para **habilitar** unha nova vivenda, interpretando orgánicamente a anterior.

Carpinterías fronte a albanelerías, a construcción en seco.

Madeiras de eucalipto globulus nativo, en escuadrías laminadas enlistonadas e en contrachapados fenólicos, puntualmente madeiras importadas de frondosas tropicais e pino vermello tratado no autoclave.

Ferraxes e instalacións en materiais estándares.

Os elementos estruturais primarios (muros de carga e vigas procedentes de rolizos ou rolos seleccionados) consérvanse.

A xeometría xeral de distribución ou estancial precísase e faise con materiais estabilizados en taller, taboleiros contrachapados fenólicos de eucalipto.

O sistema constructivo, atornillado e encaixado permite mante-las instalacións visitables en todo o seu trazado.

### 3 A CULTURA INDIANA E O RACIONALISMO

O fenómeno iniciado no século XIX da arquitectura indiana, preferentemente localizada en zonas suburbanas da Galicia costeira, e na zona da Mariña Luguesa en especial, segue unha tendencia a enlazar a tradición popular co seguimento dos movementos artísticos entón en boga e imperantes na época: modernismo, rexionalismo, historicismo ou eclecticismo e, incluso, e xa a mediados do século XX enlazando co racionalismo expresionista.

CASA INDIANA NO VALADOURO



CHALET RACIONALISTA EN LUGO



Esta arquitectura simple e racional pervivirá na posguerra en moitas edificacións populares como as "casas baratas", non tanto por motivos estéticos como pola penuria de medios que non permitía outro tipo de construcción, coexistindo coa arquitectura oficial, e cos últimos ecos da arquitectura rexionalista.

#### 4 MATRIZ.

Mante-la Crítica Histórica en toda intervención, fronte ás conxunturas oportunistas e as modas, expresado esto nunha visión utópica e optimista da Realidade.

Fuxida do pensamento frívolo postmoderno; regreso ás grandes ideas de reintegración social e productiva.

Fe na capacidade material do deseño para acadar solucións NON alienadas.

Uso radical sen retóricas rexionalistas de técnicas decididamente contemporáneas, compatibles co compromiso histórico nos usos e modos sociais.

Valorar no resultado formal a capacidade simbólica do producido para establecer analogías directas entre a Cultura Local e a Cultura Universal.

Respectar sempre o pacto entre o custo enerxético da vida útil do produto fronte ós custos da Natureza (as hipotecas da Natureza).

#### 5 O EJERCICIO CREATIVO HA SER ANÁLOGO Ó ESFORZO EXECUTANTE.

O correcto proceder das Artes e Técnicas propias dos Oficios confire, se non se someten a condicións previas mais aló da súa linguaxe natural, a xusta expresividade e a xusta Forma (e a Forma é o gran misterio de toda construción).

DECORO.:  
(Del lat. *decōrum*).

3. m. Pureza, honestidad, recato.

6. m. Arq. Parte de la arquitectura que enseña a dar a los edificios el aspecto y propiedad que les corresponde según sus destinos respectivos.

(R.A.E.)

ORNAMENTO.:  
(Del lat. *ornamentum*).

3. m. Arq. y Esc. Ciertas piezas que se ponen para acompañar a las obras principales. (R.A.E.)

É probable que o ornamento sexa acusado de delito, en canto a **ornato** (R.A.E: Del lat. *ornātus*, *l.m. Adorno, atavío, aparato*), pero tamén é certo que o necesario **decoro** pode acabar sendo **decoración** no peor soño da súa razón.

#### 6 EUCALYPTUS GLOBULUS .

A súa entrada en Europa parece que se produciu cara o 1829 en Portugal. En España a súa primeira cita atópase en Galicia en 1863.

O estudio dos efectos que o eucalipto induce sobre o medio natural é complexo e parece haber unha gran controversia respecto diso. En principio, toda alteración dun ecosistema natural provocará un desequilibrio cuxa degradación dependerá en gran medida da súa posible reversibilidade no futuro. Un chan, verase degradado se sofre unha perda ou transformación das súas propiedades, que revertan de forma irremisible na súa fertilidade física ou química. A influencia da vexetación nestes procesos non parece ser fundamental, pero se se reúnen determinadas características ambientais (determinado material orixinario, pluviosidade,

topografía desfavorable,...) a presenza dun tipo de especies vexetais ou outras favorecerá os procesos formadores de chan ou, pola contra, os procesos degradantes.

Con todo, os posibles efectos desta árbore sobre os seus chans non está aínda o suficientemente claro. Por unha lado, ecoloxistas e campesiños alarman sobre os efectos desecantes, acidificantes, esterilizadores e desmineralizadores do eucalipto. Por outro, non hai estudos científicos en moitas zonas que poidan verificar tales acusacións e para a Administración estas plantacións son o "milagre" da produtividade por enriba de calquera consideración. Ante todo, hai que evitar caer en tratamentos simplistas á hora de critica-las plantacións de eucalipto, xa que o que é recomendable nun lugar pode ser nefasto noutro, pero tamén hai que ser cautelosos con toda intervención na natureza e realizar estudos de impacto antes de proceder a unha plantación..

## 7 TRANSFORMADOS DO EUCALYPTUS.

Hoxe en día, gracias ás novas técnicas de secado e procesado, estanse conseguindo novos usos do Eucalyptus. Unha destas novas aplicacións son os "perfis laminados", formados pola unión de tres láminas de madeira previamente saneada de defectos (nós, gretas, fendas...) e unidas entre si por encolado.

Vantaxes da madeira laminada:

- Reducción dos tempos de secado.
- Menor perda de materia prima que no caso de utilizar madeira maciza.
- Producto máis homoxéneo e libre de defectos.
- Producto a medida, coas dimensións desexadas.
- Mellora da estabilidade dimensional con respecto á madeira maciza.
- Maior estabilidade fronte ó lume.
- Menos madeira para soporta-la mesma carga.
- Maior durabilidade natural.
- Madeira de durame e serrado radial.

Perfis laminados de Globulus de 72 x 86 mm de sección

| Propiedades mecánicas N/mm <sup>2</sup> | Valor característico de 35 perfis sen finger e 10 con finger. Según norma UNE EN 408 |
|---|--|
| Resistencia á flexión                   | 93,4   |
| Módulo de elasticidade medio            | 20.200   |

Según o Eurocódigo 5 a resistencia característica dos perfis debe referirse a un canto de 150 mm. Neste caso a resistencia característica a flexión divídese por un factor de 1.117.

Aplicando os valores da táboa anterior obtemos as seguintes propiedades:

| Propiedades resistentes en N/mm <sup>2</sup> |                                     |
|--|-------------------------------------|
| Resistencia á flexión                        | $f_{m,k} 83,6$                      |
| Tracción paralela                            | $f_{t,0,k} = 0,6 f_{m,k} 50,2$      |
| Compresión paralela                          | $f_{c,0,k} = 5 (f_{m,k}) 0.45 36,6$ |
| Cortante                                     | $f_{v,k} = 0,2 (f_{m,k}) 0.8 6,9$   |

| Propiedades de rixidez en N/mm <sup>2</sup>  |                                       |
|--|---------------------------------------|
| Módulo de elasticidade medio paralelo        | $E_{0,medio} 20.200$                  |
| Módulo de elasticidade paralelo 5º percentil | $E_{0.05} = 0,84 E_{0,medio} 16.968$  |
| Módulo de elasticidade medio                 | $E_{90,medio} = E_{0,medio}/15 1.346$ |

|                          |                            |
|--------------------------|----------------------------|
| perpendicular            |                            |
| Módulo de cortante medio | Gmedio = E0,medio/16 1.262 |
| Densidade                | Kg/m3 840                  |

Como se pode apreciar o perfil laminado para carpintería ten unhas elevadas propiedades físicas e mecánicas que fan del un produto de calidade ó que se lle poden esixir altas prestacións.

No "Informe Atenha" elaborado polo Athena Sustainable Materials Institute de Canadá, descríbese o impacto ambiental que orixinaba unha casa de 223 m2 baseándose en tres materiais diferentes na realización da estrutura da casa. Estes foron os resultados:

|                                       | Madeira | Metal     | Hormigón |
|---------------------------------------|---------|-----------|----------|
| Energía (Gj)                          | 255     | 389       | 562      |
| Cantidade de recursos usados (kg)     | 121.804 | 138.501   | 234.996  |
| Quantamento global potencial (kg CO2) | 62.183  | 76.453    | 93.573   |
| Volume de toxicidade crítica do aire  | 3.236   | 5.628     | 6.971    |
| Volume de toxicidade crítica da auga  | 407.787 | 1.413.784 | 876.189  |
| Residuos sólidos (kg)                 | 10.746  | 8.897     | 14.056   |

O único valor no que a madeira sae desfavorecido é a **xeración de residuos que non supón incidencia algunha xa que estes residuos son biodegradables ou aproveitables para a xeración de enerxía** ou fabricación de taboleiros.

Coa utilización desta madeira, á parte das vantaxes xa indicadas que a madeira laminada aporta ó medio ambiente, estaremos contribuíndo a reducir a deforestación dos montes tropicais que xunto co mar son o pulmón da terra.


## 7.1 TRATAMENTOS CON LASURES.

O lasur, ó contrario que o verniz, penetra profundamente na madeira, a poro aberto. Ao non formar capa permite que a madeira respire e se manteña sempre o equilibrio entre a humidade propia da madeira e a do medio ambiente que a rodea. Deste xeito protéxese a madeira respectando ó máximo o aspecto natural das súas vetas.

Os lasures ofrecen unha alta resistencia ós raios UV, son elásticos, repelentes á auga e incorporan ademais fungicidas e insecticidas para a prevención de fungos, carcomas ou termitas.

## 7.2 PANEIS COMPOSTOS EN CUBERTA.

É un panel sándwich formado por dous taboleiros (de madeira, cemento, xeso...) unidos a un núcleo de espuma rixida de poliestireno extruído, representa unha alternativa fronte ós sistemas tradicionais de construción de cubertas.



- E** Cara exterior do sándwich: Taboleiro aglomerado hidrófugo de 19 mm.
- N** Núcleo illante: Espuma de poliestireno extruído .
- L** Lengüeta de taboleiro de fibra para ensamblado entre paneis.
- I** Cara interior: Taboleiro contrachapado eucalipto de 10 mm.

| COMPONENTES  |                      |                                 |                           | CARACTERISTICAS TECNICAS |          |                      |          |                   |       |        |             |
|--------------|----------------------|---------------------------------|---------------------------|--------------------------|----------|----------------------|----------|-------------------|-------|--------|-------------|
| PANEL TIPO   | TABLA FRISO ABETO 10 | TABLERO AGLOMERADO HIDROFUGO 19 | NUCLEO AISLANTE STYROFOAM |                          |          | PROPIEDADES TERMICAS |          | DIMENSIONES (mm.) |       |        | PESO Kg./m2 |
|              |                      |                                 | 40                        | 50                       | 60       | Kcal/h.m2.oC.        | W/m2.oC. | Largo             | Ancho | Grueso |             |
| TAH 10-40-19 | <b>I</b>             | <b>E</b>                        | <b>N</b>                  |                          |          | 0,45                 | 0,52     | 2400              | 550   | 69     | 18,90       |
| TAH 10-50-19 | <b>I</b>             | <b>E</b>                        |                           | <b>N</b>                 |          | 0,37                 | 0,44     | 2400              | 550   | 79     | 19,2        |
| TAH 10-60-19 | <b>I</b>             | <b>E</b>                        |                           |                          | <b>N</b> | 0,32                 | 0,38     | 2400              | 550   | 89     | 19,6        |

### 7.3 CONTRACHAPADO DE EUCALIPTO

A madeira de Eucalyptus globulus presenta elevados valores de resistencia ó choque, a tracción perpendicular e a fenda, así como unha gran rixidez e resistencia a flexión.

O Eucalyptus globulus e o substituto ideal das madeiras de frondosas boreais e tropicais, cada vez máis raras.

#### DESCRICIÓN:

Taboleiro contrachapado fenólico, exterior, resistente á intemperie. Tamén chamado WBP ou Mariño. Especialmente utilizado en chans de contedores marítimos, panelado de vehículos isotermos, construción naval, mobles e embalaxe de alta calidade e longa duración.

Taboleiro clasificado como EXTERIOR RESISTENTE Á INTEMPERIE; norma EN 314-2: Este taboleiro é sometido ós ensaios expostos na norma EN 314-2, consistente en: Inmersión en auga a 20°C +/- 3, durante 24 horas. A continuación, Inmersión en auga fervendo durante 6 h. e en auga a 20°C +/- 3 durante 1h. Inmersión en auga fervendo durante 4h. Secado en estufa con ventilación forzada de 16 a 20h. a 60°C +/- 3. Unha vez concluído este proceso, Inmersión en auga fervendo durante 4h. e en auga a 20°C +/- 3 durante 1h. Ocasionalmente, as probetas son sometidas a un pretratamento posterior de inmersión en auga fervendo durante 72 h. e en auga a 20°C +/- 3 durante 1h.

Nota: Norma europea EN 314-2, de febreiro de 1993, adoptada como norma nacional polos 18 países membros do CEN (Comité Europeo de Normalización), entre os que se atopan España, Alemaña, Finlandia, Suecia, Francia, Austria, Reino Unido, Italia)

|                   |   |
|-------------------|---|
| Taboleiro<br>BASE | Taboleiro contrachapado 100% de "Eucalyptus globulus Labill", exterior, resistente á intemperie, fabricado con colas fenólicas, lixado e calibrado. Chapas exteriores, especialmente seleccionadas para a obtención dun perfecto acabado. |
|-------------------|---|

|                    |  |
|--------------------|--|
| NORMAS<br>EUROPEAS | <p>UNE-EN:</p> <p>310: Determinación módulo de elasticidad na flexión e resistencia á flexión.</p> <p>313-1: Clasificación</p> <p>313-2: Terminología.</p> <p>314-1: Calidade do encolado. Métodos de ensaio.</p> <p>314-2: Calidade do encolado. Especificaciones.</p> <p>315: Tolerancias dimensionales.</p> <p>317: Hinchamiento en auga 24 h.</p> <p>322: Determinación do contido de humidade.</p> <p>324-1: Determinación do espesor, anchura e lonxitude.</p> <p>324-2: Determinación da escuadría e rectitud de canto.</p> <p>635-1 / 2: Clasificación segundo o aspecto das caras.</p> <p>636-3: Especificaciones do taboleiro contrachapado para uso en exterior.</p> <p>1084: Clases de emisión de formaldehído, determinadas segundo o método de análise de gas.</p> <p>UNE-ENV 635-4: Guía para a selección do taboleiro segundo o acabado.</p> <p>UNE 56705 h2: Ensaio físico de encolado.</p> |
|--------------------|--|

|                       |                     |
|-----------------------|---------------------|
| ESPESOR<br>DAS CHAPAS | 1,2 - 1,5 - 1,8 mm. |
|-----------------------|---------------------|

|          |   |
|----------|---|
| ENCOLADO | Fenólico. Clase 3 Exterior, resistente á intemperie, segundo norma EN 314-2 . |
|----------|---|

|                     |      |   |      |    |
|---------------------|------|---|------|----|
| MEDIDAS<br>ESTÁNDAR | 2440 | x | 1220 | mm |
|                     | 2500 | x | 1250 | mm |

|  |  |  |  |  |
|--|--|--|--|--|
|  |  |  |  |  |
|--|--|--|--|--|

#### CARACTERÍSTICAS FÍSICO-MECÁNICAS

| EN 310                        |                | 15<br>mm | 18<br>mm | 21<br>mm |
|-------------------------------|----------------|----------|----------|----------|
| RESISTENCIA<br>FLEXIÓN(N/mm2) | Á Lonxitudinal | 90       | 87       | 78       |
|                               | Transversal    | 65       | 64       | 57       |

|  |          |              |        |        |       |
|--|----------|--------------|--------|--------|-------|
| MÓDULO DE ELASTICIDADE(N/mm <sup>2</sup> ) | DE       | Lonxitudinal | 10.150 | 10.060 | 9.770 |
|  |          | Transversal  | 6.500  | 6.800  | 6.800 |
| INCHAMENTO EN-317                          | 24h. (%) |              | 4,0    | 3,2    | 3,2   |

DATOS DA MADEIRA DE EUCALYPTUS GLOBULUS LABILL:

|                      |                           |
|----------------------|---------------------------|
| Flexión Estática:    | 142-153 N/mm <sup>2</sup> |
| Módulo Elasticidade: | 16.500 N/ mm <sup>2</sup> |
| Dureza:              | 3,9                       |

INTERIORES: Presenta excelentes condicións de illamento térmico, acústico e contra a humidade. En concreto, para teitos decorativos.

MOBILIARIO: Ademais das súas calidades físico-mecánicas, a madeira aporta un aspecto belo e cálido.

#### 7.4 CERTIFICACIÓN FORESTAL SOSTIBLE

Os produtos que se aplican nesta obra veranse protexidos polo selo PEFC (Pan European Forest Certification), de excelencia europea na xestión de bosques. As filiais forestais de ENCE, NORFOR e IBERSILVA, fabricantes dos taboleiros empregados, foron as primeiras empresas españolas en obte-lo devandito distintivo.

Constitúe un sistema de certificación forestal que asegura a súa xestión sostible e aumenta a confianza no consumo dos produtos forestais. Nº: PEFC/ 14-23-00002.

## 8 LOS OFICIOS

OFICIO

RAE Del Latín officium

1 S. M. *Trabajo que requiere esfuerzo físico o habilidad manual y para el cual no hacen falta estudios teóricos superiores* · "oficio de albañil, de electricista. "

2 S. M. P. ext., cualquier profesión.

OFICIO

RAG s.m.

1. *Cargo ou traballo que unha persoa desempeña de maneira habitual.* Xoán é albanel de oficio. SIN. profesión.

### 8.1 OS OFICIOS TRADICIONAIS .

Un destes oficios é o dos *canteiros*, que coa súa sabedoría traballan a pedra para a construción, e tamén a lousa.

Os canteiros son os labradores da pedra das artes populares e das máis espléndidas e fermosas obras da arquitectura galega e a súa existencia débese á abundancia de granito, fundamento da paisaxe galaica.

Cómpre lembrar que teñen unha linguaxe propia que utilizan para comunicarse entre eles e que é chamada o *verbo dos arxinas* ou *latín dos canteiros*, pois como moitos traspasaron as fronteiras da súa terra de orixe, esta é unha maneira de crear vínculos de fraternidade. Sempre levan a ferramenta propia consigo e acostuman instala-lo taller ó pé da obra.

Pero para que os canteiros poidan traballar na pedra, antes, os *pedreiros* teñen que arrincar dos montes os bloques de pedra. Na actualidade esta tarefa mecanizouse por completo, mais noutras épocas, para extrae-la pedra tiñan que usa-lo pico, as cuñas, o martelón, e finalmente a dinamita para rompe-los bloques de granito. Despois, co auxilio dunha ferramenta chamada *paoferro*, (unha barra de ferro usada coma palanca) subían ó carro dos bois estes bloques de pedra.

Había outro oficio que era o dos chamados *serranchíns*, eles eran os que preparaban a materia prima, a madeira, ían buscar ás fragas e soutos os rolos ou rolizos máis axeitados á forma que precisaban segundo a peza que fora resistir, que logo cortaban en táboas. A maior parte deles eran procedentes de Portugal, como aconteceu na obra que aquí se trata. Xeralmente, ían dous serranchíns e máis un axudante, que cargaban as ferramentas que necesitaban para esta tarefa. Estas ferramentas eran a machada, serra de aire, serrón, que hoxe case non se usan, pois existen os serradoiros con maquinaria eléctrica.

Dentro dos *carpinteiros*, hai que citar que existen os de distintas especialidades. Está o carpinteiro de armar, que é o que prepara e coloca a estrutura dos pisos e tamén o teitume das casas. E por suposto, o carpinteiro de taller, que como o seu nome indica ten un sitio fixo. Este fabrica os mobles para a casa, mais tamén as portas e fiestras.

O *ebanista* é máis especializado, e fai traballos máis finos. O *torneiro* realiza pezas de madeira torneadas.

Ainda non hai moito que os *ferreiros* fabricaban os utensilios agrícolas e tódalas ferraxes necesarias para os carros e as casas. O ferreiro traballa na forxa, onde se instala o fogón ó que se lle insufla aire co barquin. O material que utilizan é o ferro que extraen os *mineiros*, laminado nas ferrerías, que antigamente tiñan un mazo movido por unha roda hidráulica. Destes oficios atopábanse na comarca da mariña en abundancia, como o atestiguan os numerosos topónimos locais (Ferrería, Ferreira do Valadouro,...)

## 8.2 CONSTRUCCIÓN DE VIVENDAS, CASARÍOS E ALDEAS EN GALICIA

Os nosos casaríos e aldeas, véndoos como unidades de produción agropecuaria familiar, son de orixe medieval, tendo adoptado a súa estrutura actual entre os séculos XII e XIII. Tradicionalmente tiveron unha dobre finalidade. Por unha banda como vivenda, case sempre unifamiliar, e por outra como soporte dunha actividade económica exercida polos seus moradores.

## 8.3 OS CONSTRUCTORES ENTRE OS SÉCULOS XV E XIX

Segundo cualificados historiadores, as casas grandes foron edificadas por mestres carpinteiros e canteiros profesionais que traballaban contratados polo propietario e auxiliados por unha cuadrilla de oficiais e criados.

Toda a estrutura interior de postes, pisos e tellado, realizábase con madeira, para o que os carpinteiros debían de seleccionar, comprar e cortar as árbores que se ían utilizar (habitualmente dos montes do concello) ou ben, aportábaos o propietario, para posteriormente aserralas e traballalas con aixolas ata convertelas en vigas ou táboas que debían ser levantadas e encaixadas na súa ubicación.



Tamén era necesario extraer grandes cantidades de pedra dalgún lugar próximo utilizando só ferramentas manuais para, seguidamente, transportalo a pé de obra e darlle a forma precisa e colocala na súa ubicación. Así mesmo debíase obter unha cantidade importante de cal (utilizando os materiais adecuados e en fornos preparados ó efecto). Coa argamasa (cal, area e auga) uníanse as pedras coas que se levaba a cabo a construción.

O **Ferreiro** debía forxar á man os numerosos cravos e ferraxes necesarios, así mesmo precisábase fabricar (por outro especialista) seis ou sete mil tellas cocéndooas en fornos.

Ó comezo do século XX a case totalidade da vivenda tradicional hoxe existente estaba xa construída, sendo escasas as edificacións de nova planta posteriores. A actividade dos mestres concentrouse na recuperación dos edificios deteriorados, na súa reforma e ampliación, así como as reparacións necesarias.

Aínda podemos atopar **mestres de obras** que levantaron vivendas tradicionais de nova planta nas últimas décadas, entre os anos corenta e os setenta e que realizaban todas as tarefas necesarias, desde decidir as características principais do edificio (dimensións, plantas, fachada, etc.) ata o seu edificación, controlando a mesma ata a súa terminación.

Os cambios na estrutura de madeira e lousado efectuábanse utilizando o mesmo tipo de material precedente. Segundo un veterano especialista "se as vigas de madeira eran boas e de dimensións adecuadas, o traballo efectuábase máis rápidamente que con materiais modernos, con todo atopábanse con frecuencia con dificultades para abastecerse dos tablóns ou madeiras necesarios, polo que moitas veces, eles mesmos debían cortar algunhas árbores propiedade do dono do caserío ou seleccionalos e compralos a outros".

Para **aserralos e convertelos en vigas elixían un terreo en pendente** e colocaban o tronco en posición horizontal apoiando un dos seus extremos no chan e o outro ó aire sobre postes de madeira. O tronco redondo convertíase en vigas cadradas ou rectangulares aserrándoo habitualmente entre tres homes, dous debaixo e o outro en pé sobre el, con longas serras para tronzar que se accionaban cara arriba e abaixo

## 9. A LEI 9/2002

Artigo 15º.- Solo **RÚSTICO**

Constituirán o solo rústico os **terreos que deban ser preservados dos procesos de desenvolvemento urbanístico**

.../...:

## Artigo 32º.- Categorías.

No solo rústico distinguíranse as seguintes categorías:

1. **SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN ORDINARIA**, constituído polos terreos que o planeamento urbanístico ou os instrumentos de ordenación do territorio consideren **inadecuados para o seu desenvolvemento urbanístico**, por razón das súas características xeotécnicas ou morfolóxicas, polo alto impacto territorial que implicaría a súa urbanización ou polos riscos naturais ou tecnolóxicos.

.../...

## Artigo 42º.- Condición xerais das edificacións no solo rústico

1. Para outorgar licencia ou autorizar calquera clase de edificacións ou instalacións no solo rústico deberá xustificarse o cumprimento das seguintes condicións:

.../...

**-A superficie máxima ocupada pola edificación en planta non excederá nunca do 20 % da superficie do predio.**

-O **volumen máximo da edificación será similar ás edificacións tradicionais existentes** no contorno. No caso de que resulte imprescindible superalo por esixencia do uso ou actividade autorizable, deberá descompoñerse en dous ou máis volumes interconexiónados entre si, co fin de adapta-las volumetrías ás tipoloxías propias do medio rural.

-As **características tipolóxicas da edificación deberán ser congruentes coas tipoloxías rurais tradicionais** do contorno, definíndose, para tal efecto, as condicións de volumetría, tratamento de fachadas, morfoloxía e tamaño dos ocos e solucións de **coberta** que, en todo caso, estarán formadas por **planos continuos sen crebas** nas súas vertentes. Agás en casos debidamente xustificadas, os materiais que se vaian utilizar na terminación da cubrición **serán tella cerámica e/ou lousa**, segundo a tipoloxía propia da zona.

-Nos solos rústicos de protección **ordinaria**, de protección **agropecuaria** e de protección de **infraestructuras**, **a altura máxima das edificacións non poderá supera-las dúas plantas nin os 7 metros** medidos no centro de tódalas fachadas, desde a rasante natural do terreo ó arrinque inferior da vertente de cobertura, agás que as características específicas da actividade, debidamente xustificadas, fixeran imprescindible superalos nalgún dos seus puntos. Nos demais solos **rústicos protexidos as edificacións non poderán superar unha planta de altura nin 3,50 metros** medidos de igual forma.

-As características estéticas e constructivas e os materiais, cores e acabados serán acordes coa paisaxe rural e coas construcións tradicionais do contorno. En tal sentido, para o **acabado das edificacións empregárase a pedra ou outros materiais tradicionais e propios da zona**; excepcionalmente, por razóns xustificadas, poderán empregarse outros materiais sempre que se garanta a súa adecuación ó contorno.

.../...

d) Cumprí-las seguintes **condicións de posición e implantación**:

-A superficie mínima da parcela sobre a que se situará a edificación será a establecida en cada caso por esta lei, **sen que para tal efecto sexa admisible a adscrición doutras parcelas.**

-Os edificios localizaranse dentro da parcela, adaptándose no posible ó terreo e ó lugar máis apropiado para conseguirla maior **redución do impacto visual** e a menor alteración da topografía do terreo.

-Os **recuamentos das construcións ós lindes da parcela deberán garanti-la condición de illamento e, en ningún caso, poderán ser inferiores a 5 metros.**

-As condicións de abancalamiento obrigatorio e de acabado dos bancais resultantes deberán definirse e xustificarse no proxecto, de xeito que quede garantido o mínimo impacto visual sobre a paisaxe e a mínima alteración da topografía natural dos terreos.

.../...

Artigo 44º.- Condicións adicionais para outras actividades constructivas non – residenciais

1. As construcións en solo rústico distintas das sinaladas no artigo anterior, ademais das condicións xerais especificadas no artigo 42 desta lei, cumprirán as seguintes:

a) A superficie da parcela na que se sitúe a edificación **non será inferior a 5.000 metros cadrados**.

b) Deberá **xustificarse** cumpridamente a **idoneidade da localización** elixida e a imposibilidade ou inconveniencia de situalas en solo urbano ou urbanizable con cualificación idónea.

2. **Excepcionalmente**, poderán permitirse pequenas construcións e instalacións destinadas a explotacións agrícolas, gandeiras e forestais, ou ó servizo e mantemento das infraestruturas e obras públicas, aínda cando a superficie da parcela sexa inferior á esixida no número anterior, sempre que quede xustificada a proporcionalidade da construción ou instalación coa natureza, extensión e destino actual do predio no que se localice, e non se superen os 100 metros cadrados de superficie total edificada nin a altura máxima dunha planta nin 3,50 metros.

3. Os usos relacionados no apartado 1.d) do artigo 33 desta lei **non poderán situarse a menos de 1.000 metros do límite do solo rústico de especial protección**, nin dentro do alcance visual desde as principais vías de comunicación. As parcelas deberán cerrarse ou valarse con cerrados vexetais.

4. As novas **explotacións gandeiras** sen base territorial non poderán situarse a unha **distancia inferior a 1.000 metros** dos asentamentos de poboación e **250 metros da vivenda máis próxima**. Cando se trate de novas explotacións con base territorial a distancia mínima ós asentamentos de poboación e á vivenda máis próxima será de 200 metros. En todo caso, deberán respectarse as distancias mínimas establecidas pola lexislación sectorial de aplicación.

**5. O establecido no artigo 42 e neste artigo non resultará de aplicación á rehabilitación de edificacións tradicionais.**

Artigo 104º.- Adaptacións ó ambiente

As construcións e instalacións deberán adaptarse ó ambiente no que estivesen situadas, e para tal efecto:

a) **As construcións** en lugares inmediatos ou **que formen parte dun grupo de edificios** de carácter artístico, histórico, típico ou tradicional **deberán harmonizar con el**. Igualmente cando, sen existir un conxunto de edificios, houbese algún de grande importancia ou calidade dos caracteres indicados.

b) Nos lugares de paisaxe aberta ou natural, sexa rural ou marítima, ou nas perspectivas que ofrezan os conxuntos urbanos de características histórico-artísticas, típicos ou tradicionais e nas inmediacións das estradas ou camiños de traxecto pintoresco, non se permitirá que a situación, masa ou altura das construcións, muros e cerramentos, ou a instalación doutros elementos, limiten o campo visual para contempla-las beleza naturais, rompan a harmonía da paisaxe, desfiguren a perspectiva propia dela ou limiten ou impidan a contemplación do conxunto.

c) **A tipoloxía das construcións deberá ser congruente coas características do contorno** e os materiais empregados para a renovación e acabado de fachadas e cubertas das edificacións e os cerramentos de parcelas deberán harmonizar coa paisaxe na que se vaian levar a cabo.

d) Queda prohibida a publicidade estática que, polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.

Artigo 105º.- **Altura** das edificacións

En municipios sen planeamento xeral, **non poderá edificarse cunha altura superior a dúas plantas nin supera-los 7 metros** de altura medidos desde a rasante do terreo ó arrinque inferior da vertente de cuberta.

.../...